

PREINSCRIPCIÓN NOS MÁSTERES OFICIAIS UDC

PREGUNTAS FRECUENTES – FAQs

XENÉRICAS

QUE DIFERENCIA HAI ENTRE UN MÁSTER UNIVERSITARIO OFICIAL E UN MÁSTER PROPIO?

O Máster Universitario Oficial é un estudo oficial con validez en todo o territorio nacional.

O Máster Propio é un título organizado en cada universidade e a súa validez é a que se lle queira outorgar no organismo ou institución onde se xustifique que se cursou.

DIFERENCIA ENTRE ACCESO, ADMISIÓN E MATRÍCULA:

1. O **acceso** é o procedemento polo que a Sección de Máster comproba que a persoa que solicita a admisión reúne os requisitos necesarios para optar á admisión a un máster o itinerario/especialidade dun máster.
2. A **admisión** é o procedemento polo que a Comisión académica/de selección do máster estuda e avalía as solicitudes das persoas que teñen acceso aos estudos e adxudica as prazas ofertadas.
3. A **matrícula** é o procedemento polo que a persoa admitida se inscribe nun estudo e nunhas materias concretas, no prazo establecido para o efecto.

NECESÍTASE UN NIVEL DE IDIOMA DISTINTO DO ESPAÑOL PARA REALIZAR UN MESTRADO?

Non é un requisito imprescindible en todos os Másteres pero cada vez é máis habitual que se pida un nivel B1 ou B2 de lingua estranxeira, como no caso do Másteres en Profesorado de Educación Secundaria (B1).

Os requisitos de idioma de acceso aos másteres serán decididos por cada coordinación de máster e figuran recollidos nas fichas que podedes consultar no [endereço web](#).

TEÑO QUE ACREDITAR COÑECEMENTO DE ESPAÑOL?

Aos estudantes con nacionalidade de países non hispano falantes ou que procedan de sistemas educativos estranxeiros onde a lingua de docencia non sexa o español, solicitaráselles que acrediten, como mínimo, un nivel B1 de coñecemento de español, agás ao alumnado que teña como lingua oficial o portugués.

- Se na memoria de verificación dun máster se establece un nivel de competencia superior para acceder ao mesmo, a Comisión do máster indicará o nivel requirido na ficha de información do máster que se poderá consultar no seguinte [endereço web](#).

ONDE PODO CONSULTAR A OFERTA DE MESTRADOS UNIVESITARIOS?

A oferta xeral pódese consultar no [seguinte enlace](#).



COMO PODO CONTACTAR CO/A COORDINADOR/A DO TÍTULO E/OU CENTRO RESPONSABLE DO MESMO?

Na páxina web de Futuros Estudantes → Estudos de Máster poderá atopar o correo electrónico de cada coordinador/a e tamén no directorio de contacto dos másteres que pode localizarse en [Directorio de contactos dos másteres](#).

REXISTRO ONLINE: OBTEN O USUARIO E O CONTRASINAL PARA O ACCESO E A ADMISIÓN

NUNCA FUN ESTUDANTE DA UDC, COMO ME REXISTRO PARA O ACCESO E/OU A ADMISIÓN E OBTEN O USUARIO E O CONTRASINAL ADMINISTRATIVO?

Para obter o usuario e o contrasinal administrativo necesarios para facer as solicitudes de preinscrición como usuario novo, debe rexistrarse no [seguinte enderezo web](#).

Pode consultar a nosa [Guía de preinscrición](#).

FUN ESTUDANTE DA UDC E NON LEMBRO NIN O USUARIO NIN O CONTRASINAL, QUE DEBO FACER?

Seguir as indicacións que figuran neste [enderezo web](#).

Debe contactar co Centro de Atención ao Usuario a través do correo electrónico cau.sic@udc.es.

TEÑO PROBLEMAS PARA ACCEDER Á APLICACIÓN, QUE DEBO FACER?

Comprobe a conexión do ordenador e probe con outro navegador.

Comprobe que, nas preferencias do navegador, non teña bloqueadas as ventás emerxentes. Para iso, entre no navegador e permita as devanditas ventás emerxentes.

Tamén pode entrar en Ferramentas/Opcións/Seguridade/Excepcións e dar permiso á páxina.

Se o problema persiste, contacte a través do correo electrónico: unidade.sigma@udc.gal

REQUISITOS XERAIS DE ACCESO

QUE REQUISITOS DEBEN CUMPRIRSE PARA ACCEDER A UN MÁSTER UNIVERSITARIO?

- Estar en posesión dun título universitario oficial de Grao español ou outro título de Máster Universitario español.
- Estar en posesión dun título de Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a ou Enxeñeiro/a Técnico/a.
- Estar en posesión dun título estranxeiro de educación superior homologado a un título universitario oficial español ou declarado equivalente a nivel académico de Grao ou de Máster.
- Estar en posesión dun título de nivel de Grao ou de Máster expedido por universidades e institucións de educación superior dun país do EEES e que no devandito país permita o acceso aos estudos de Máster.
- Aquelas persoas que estean en posesión dun título estranxeiro de educación superior obtido nun sistema educativo que non forme parte do EEES que equivalla ao título de Grao, deberán obter a correspondente resolución de declaración de nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois para o acceso a ensinanzas oficiais de Máster Universitario da UDC.
- Estar a cursar unha titulación universitaria oficial de Grao do Sistema Universitario Español, tendo matriculados todos os créditos necesarios para terminar os estudos e restándolles un máximo de 9 ECTS e o Traballo Fin de Grao para finalizalos.

ADMISIÓN

A SOLICITUDE DE ADMISIÓN É GRATUITA?

Si.

CALES SON OS PRAZOS PARA SOLICITAR ADMISIÓN?

Os establecidos no calendario aprobado polo Consello de Goberno para o curso académico correspondente. Ver datas no [seguinte enlace](#).

COMO SE SOLICITA ADMISIÓN A UN MÁSTER UNIVERSITARIO?

A través de internet, identificándose con usuario e contrasinal, accedendo ao seguinte enlace:

- Se é ou foi [estudiante](#) da UDC.
- Se nunca o [foi](#).

Poderá presentar unha única solicitude de preinscrición por cada opción de estudo e curso académico e indicarse por orde de preferencia. Admitiranse ata un máximo 6 opcións de estudo.

CANTAS PRAZAS SE RESERVAN PARA ESTUDANTADO CON DISCAPACIDADE OU CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS?

O 5% do total de prazas que oferta o máster e, en todo caso, como mínimo unha.

CANTAS PRAZAS SE RESERVAN PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL E ALTO RENDIMENTO?

O 3% do total de prazas que oferta o máster e, en todo caso, como mínimo unha.

AINDA NON FINALICEI OS MEUS ESTUDOS DE GRAO, PODO PRESENTAR UNHA SOLICITUDE DE ADMISIÓN?

Si, pero soamente se lle faltan por superar o TFG e un máximo de 9 créditos, sempre que estea estudando no Sistema Universitario Español e matriculado de todos os créditos necesarios para finalizar os estudos de Grao.

Neste caso, deberá realizar a preinscrición no prazo extraordinario. Ademais, debe ter en conta que, á hora de asignar as prazas, os solicitantes titulados teñen preferencia sobre os non titulados.

Poderá solicitar a preinscrición en todos os másteres, agás nos seguintes:

- Máster Universitario en Avogacía e Procuradoría.
- Máster Universitario en Arquitectura.
- Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas.

PODO PRESENTAR UNHA SOLICITUDE DE PREINSCRICIÓN AÍNDA QUE NON TEÑO O TÍTULO?

Si. Pode acreditar a súa condición de titulado mediante a certificación supletoria provisional ou documento equivalente.

Provisionalmente aceptarase a solicitude de expedición do título oficial, que deberá ir acompañada do xustificante de pagamento de taxas para a súa expedición. No caso de presentar este último documento, e se resultara admitido, poderá entregar o título ou documento acreditativo de estar en posesión do mesmo antes do inicio das datas de avaliación das materias do primeiro cuatrimestre.

COMO DEBO ACHEGAR A DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA?

Os documentos téñense que subir á plataforma informática de acceso á preinscrición, preferiblemente en formato pdf.

ATA QUE DATA SE PODE ACHEGAR A DOCUMENTACIÓN?

Ata o último día do prazo de preinscrición pode entrar na aplicación coas súas credenciais e completar ou cambiar a súa solicitude. Non obstante, unha vez validada polo Servizo de Estudantes, non poderá realizar ningunha modificación nin achegar novos documentos.

ESQUECÍN SUBIR UN DOCUMENTO, QUE DEBO FACER?

Poderá acceder á solicitude e subir o documento esquecido, mentres non se atope no estado "validada/denegada".

PODO PRESENTAR NOVA DOCUMENTACIÓN NO PRAZO DE RECLAMACIÓNS ESTABLECIDO?

No prazo de reclamacións non se pode achegar documentación nova.

PODO PRESENTAR UNHA COPIA DO EXPEDIENTE COMO CERTIFICADO ACADÉMICO?

O certificado académico ten que ser oficial, con sinatura dixital ou manuscrita. Non obstante, se é estudante da UDC bastará unha copia do seu expediente, obtida a través da secretaría virtual do estudante.

Pódese achegar o Suplemento Europeo ao Título (SET) sempre que conste a nota media do expediente calculada en base 10, segundo o sistema establecido no RD 1125/2003, do 5 de setembro.

PODO PRESENTAR UN CERTIFICADO ACADÉMICO QUE NON TEÑA NOTA MEDIA OU ESTA NON ESTEA EN BASE 10?

Si, pero neste caso a súa solicitude será valorada con una nota media de acceso de 5.

QUE NOTA MEDIA SE CONSIDERA PARA A ADMISIÓN?

A nota media do expediente académico, que será tida en conta para a aplicación dos criterios de valoración, será a acreditada pola persoa solicitante na data de fin de prazo de presentación de solicitudes.

INCLUÍN A MIÑA NOTA MEDIA NA APLICACIÓN E DAME UN ERRO, QUE DEBO FACER?

Os decimais da nota media do expediente académico exprésanse detrás da coma (,). Por exemplo: 8,0001
A aplicación informática non acepta o punto (.).

REALICEI UNHA PREINSCRICIÓN NUN MÁSTER, QUE DEBO FACER SE QUERO MODIFICALA OU SOLICITAR UNHA NOVA?

Pode dar de alta novas solicitudes, realizando a preinscrición en tantas opcións de estudo como queira (incluso en momentos diferentes).

Para iso ten que:

- Volver a entrar na aplicación e pulsar no botón nova preinscrición. Verá que xa ten algunha solicitude previa, e poderá consultar o seu estado, imprimila e incluso modificala (se aínda non foi validada pola administración).
- Ou ir ao menú principal da parte superior esquerda.



COMO PODO SABER SE FUN ADMITIDO/A NUN MÁSTER?

Para consultar o estado da súa solicitude ten que entrar na aplicación de preinscrición. Tamén verá as notificacións enviadas ao seu correo electrónico.

A listaxe provisoria e a listaxe definitiva de alumnado admitido en cada opción de estudos publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

O estado das solicitudes poderá ser:

- **Admitido/a:** cando unha solicitude cumpre os requisitos de acceso e admisión e, aplicado o baremo establecido pola comisión académica/de selección, lle corresponde unha das prazas ofertadas nesta opción de estudos.

- **Listaxe de agarda:** cando unha solicitude que, cumprindo os requisitos de acceso e admisión, non lle corresponde unha praza, tendo en conta o baremo establecido pola comisión académica/de selección e o número de prazas ofertadas.
- **Denegado/a:** cando unha solicitude non cumpre os requisitos de acceso e/ou admisión para esa opción de estudos.

COMO PODO PRESENTAR UNHA RECLAMACIÓN CONTRA A LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS?

Contra as listaxes provisionais poderase interpor reclamación nos prazos establecidos, mediante correo electrónico dirixido:

- ao **coordinador/a do máster**, se a reclamación se fundamenta en motivos académicos, ou
- á **sección de máster**, se a reclamación se basea na documentación xustificativa do cumprimento de requisitos de acceso.

En ningún caso se aceptará nova documentación que non fora presentada no prazo de solicitudes.

O resultado das reclamacións reflectirase na publicación da listaxe definitiva.

SOLICITEI ADMISIÓN NUN MÁSTER E NON ME ADXUDICARON NINGUNHA PRAZA. DESEXO PARTICIPAR NO SEGUINTE PRAZO DE PREINSCRICIÓN, QUE DEBO FACER?

Non ten que facer nada. As solicitudes presentadas nun período de preinscrición que non obtiveran praza, pero estean en lista de agarda, incorporaranse automaticamente aos restantes períodos, agás petición en contra da persoa interesada ou decisión do/a coordinador/a do máster, no caso de solicitantes que se matriculasen nunha titulación de maior preferencia.

ESTUDANTES CON ESTUDOS ESTRANXEIROS (VER TAMÉN O APARTADO DE ACCESO)

TEÑO ESTUDOS UNIVERSITARIOS CURSADOS NUN PAÍS DO EEES, QUE TRÁMITES DEBO FACER?

Debe presentar unha solicitude de admisión do mesmo modo que un solicitante con estudos cursados en España.

Non será necesaria a homologación dos estudos universitarios do EEES.

Se os estudos universitarios foron cursados nun país non membro da Unión Europea ou signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, deberá achegar os documentos académicos legalizados.

TEÑO ESTUDOS UNIVERSITARIOS CURSADOS NO REINO UNIDO. TRAS O BREXIT, QUE TRÁMITES DEBO EFECTUAR?

Debe presentar unha solicitude de admisión do mesmo xeito que un solicitante con estudos cursados en España ou no EEES. Tras o BREXIT, o Reino Unido segue formando parte do EEES, o que significa que os títulos universitarios oficiais de Reino Unido teñen os mesmos estándares de calidade que en España.

Non obstante, desde o 30 de xuño de 2021 os documentos británicos teñen que seguir o mesmo procedemento que é de aplicación para Terceiros Estados que non son membros da Unión Europea: deberán levar a Apostila da Haia ou, no seu defecto, estar legalizados por vía diplomática.

TEÑO UN TÍTULO ESTRANXEIRO NON HOMOLOGADO EXPEDIDO POR UN PAÍS ALLEO AO EEES E QUERO ESTUDAR UN MÁSTER NA UDC, QUE DEBO FACER?

As persoas tituladas de sistemas educativos alleos ao EEES que soliciten o acceso a másteres universitarios oficiais que lles habiliten para exercer unha profesión regulada, deberán ter necesariamente o título homologado ou declarado equivalente polo ministerio competente.

Para o acceso a másteres non habilitantes, debe solicitar a preinscrición a través de internet, identificándose con usuario e contrasinal (ver a [pregunta](#) correspondente). As persoas que non dispoñan destas credenciais deberán rexistrarse previamente no sistema (ver a [pregunta](#) correspondente).

A admisión e matrícula, terán carácter provisional condicionadas á concesión da declaración de nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois.

COMO PODO OBTER A DECLARACIÓN DE EQUIVALENCIA DA NOTA MEDIA DO MEU EXPEDIENTE ACADÉMICO AO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL?

Deberá seguir o [procedemento online](#) habilitado polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

Unha vez que termine de encher a declaración de equivalencia da nota media poderá descargala e imprimila de xeito inmediato. O documento impreso de "declaración de equivalencia de nota media", que conterá un CSV (código seguro de verificación) deberá asinalo, de forma manuscrita ou con sinatura dixital, para presentalo na universidade.

NA PÁXINA WEB DO MINISTERIO PARA A OBTENCIÓN DA DECLARACIÓN DE NOTA MEDIA FIGURA EN ESPAÑOL, QUE PODE FACER O ESTUDANTADO ESTRANXEIRO QUE NON ENTENDA A NOSA LINGUA?

O Ministerio non ten a información noutros idiomas (inglés). A UDC non ten competencias nesta materia.

SON ESTUDANTE DUN SISTEMA EDUCATIVO ESTRANXEIRO (TANTO DO EEES COMO ALLEO) E QUERO ESTUDAR UN MÁSTER NA UDC, PODO SOLICITAR A DECLARACIÓN DE NIVEL DE FORMACIÓN EQUIVALENTE AOS CORRESPONDENTES TÍTULOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS ESPAÑOIS?

Non. A declaración de nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois só pode efectuarse sobre estudos finalizados e estando en posesión do título universitario. Se non se finalizaron os estudos estranxeiros, non se reúnen os requisitos de acceso para solicitar admisión a másteres.

QUE PRAZO HAI PARA SOLICITAR A DECLARACIÓN DE NIVEL DE FORMACIÓN EQUIVALENTE AOS CORRESPONDENTES TÍTULOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS ESPAÑOIS?

Antes de que finalice o prazo correspondente da súa matrícula, deberá presentar na administración do centro de adscrición do máster, unha solicitude dirixida ao reitor.

Esta solicitude deberá ir acompañada dos documentos académicos debidamente legalizados e traducidos ou copia de ter efectuada a solicitude da correspondente legalización ou apostila do título e da certificación académica. E, de ser o caso, os documentos orixinais pertinentes que acrediten o cumprimento dos requisitos específicos.

Así mesmo, deberá pagar, xunto coa súa matrícula, as taxas correspondentes para a súa resolución.

QUE SUCEDE SE NON PODO PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA ANTES DE QUE FINALICE O PRAZO DE MATRÍCULA?

Cando no prazo de matrícula indicado a persoa interesada non poida presentar a documentación requirida, a súa matrícula terá carácter de condicionada e, en ningún caso, poderá obter o título de máster universitario ata a obtención da declaración de nivel de equivalencia.

PODO MATRICULARME AÍNDA QUE NON TEÑA A RESOLUCIÓN DA DECLARACIÓN DE NIVEL DE FORMACIÓN EQUIVALENTE AOS CORRESPONDENTES TÍTULOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS ESPAÑOIS?

Si. Deberá matricularse no prazo establecido, tendo en conta que a admisión e matrícula terán carácter provisional condicionadas á concesión da declaración de nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois, de conformidade co disposto no artigo 18.2 do Real decreto 822/2021 así como ao cumprimento dos demais requisitos específicos que se establezan para cada máster.

OBTIVEN UNHA RESOLUCIÓN DESFAVORABLE DE DECLARACIÓN DE NIVEL DE FORMACIÓN EQUIVALENTE AOS CORRESPONDENTES TÍTULOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS ESPAÑOIS, PODO CURSAR UN MÁSTER UNIVERSITARIO NA UDC?

Non. A resolución desestimatoria da declaración de nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois para o ingreso nos másteres universitarios, suporá a anulación de todos os actos que se derivan da admisión e matrícula.

CADUCA A RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DE NIVEL DE FORMACIÓN EQUIVALENTE?

Non.

CANTO HAI QUE PAGAR POLO TRÁMITE DE DECLARACIÓN DE NIVEL DE FORMACIÓN EQUIVALENTE AOS CORRESPONDENTES TÍTULOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS ESPAÑOIS?

27,09 €, segundo o disposto no decreto 164/2024, de 24 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2024/25.

É un prezo aproximado á espera da publicación do novo Decreto para o curso académico 2025/26.

MATRÍCULA

CANDO DEBO MATRICULARME?

Nos prazos establecidos no calendario aprobado polo Consello de Goberno para o curso académico correspondente. Ver datas no [seguinte enlace](#).

OBTIVEN UNHA PRAZA NUN MÁSTER NO PRIMEIRO PRAZO OU SEGUINTE E NON VOU FORMALIZAR MATRÍCULA, QUE CONSECUCIAS TEN?

Perdeu o dereito á praza no máster no que foi admitido.

OBTIVEN PRAZA NO MÁSTER QUE SOLICITEI, QUE DEBO FACER?

Deberá matricularse dentro do prazo establecido, xa que, de non facelo, perderá a praza concedida.

QUE DEBO FACER SE FUN ADMITIDO/A EN VARIOS MÁSTERES?

Poderá formalizar a matrícula só nun deles, a súa elección.

OBTIVEN PRAZA NUN MÁSTER E FIGURO NA LISTAXE DE AGARDA NOUTRO/S MÁSTER/ES, QUE DEBO FACER?

Se non quere perder a praza que se lle concedeu, deberá matricularse dentro do prazo establecido. Deste xeito, asegurará a súa praza neste máster e manterá a/s súa/s solicitude/s na listaxe de agarda nos outros másteres.

No caso de ser convocado noutra opción de estudos polo movemento das listaxes de agarda, poderá solicitar un cambio de matrícula na administración do centro de adscrición do máster.

NON ME MATRICULEI NO MÁSTER QUE SE ME CONCEDEU, QUE EFECTOS TEN A MIÑA DECISIÓN?

Perdeu a praza concedida inicialmente e non poderá volver a solicitar a preinscrición para esa opción de estudos no mesmo curso académico, pero si nunha opción distinta noutro dos prazos establecidos.

EN TODOS OS MÁSTERES QUE SOLICITEI FIGURO NA LISTAXE DE AGARDA, QUE DEBO FACER?

Debe esperar a que se lle comunique se, tras cada prazo de matrícula, quedou algunha praza vacante que lle corresponda. Os chamamentos da listaxe de espera son competencia das administracións dos centros aos que estean adscritos os másteres correspondentes. Pode consultar os datos de contacto no seguinte [directorio](#).

Unha vez finalizado cada prazo de preinscrición e matrícula, incorporárase a súa solicitude automaticamente ao seguinte período, salvo que solicite non continuar no proceso.

CAL É O PREZO DA MATRÍCULA QUE DEBO PAGAR?

O prezo dos créditos de matrícula varía segundo a persoa sexa ou non, nacional dun estado membro da Unión Europea. Ademais, deberánse pagar as taxas administrativas por apertura de expediente, expedición e mantemento de tarxeta universitaria e seguro escolar.

A información está publicada na web, no [seguínte enlace](#).

ACTIVACIÓN DA CONTA DE SERVIZOS DA UDC

¿CÓMO ACTIVO A CONTA DE SERVIZOS DA UDC?

- Transcorridas 24 horas dende a matrícula, no portal <https://servizos.udc.es>, pulse '*Activa a túa conta de servizos*'.
- Introduza como código de activación o número NIA que aparece no seu resgardo de matrícula.
- Continúe o proceso enchendo a información solicitada na pantalla e pulse '*Activarme*'.
- Ao finalizar o proceso facilitaráselle un usuario e un contrasinal para usar en calquera servizo telemático da UDC.
- Se ten algún problema neste proceso de activación, no enderezo <https://axudatic.udc.gal> atopará unha relación dos servizos telemáticos, entre os que está o de '*creación de conta de acceso para novos usuarios*'. Cada servizo dispón da súa propia páxina de axuda, dende a que pode pór incidencias que serán atendidas polos nosos técnicos.